

# Agora non podemos parar.

PSG  
PSOE



Vota Touriño.  
O Presidente.

Falamos de...  
mar



## Falamos de mar

### Fortalecer Galicia é fortalecer os dereitos e a protección da xente do mar

#### A primeira etapa do cambio

- **Aprobamos a nova Lei de Pesca** co fin de facilitar aos profesionais do mar os instrumentos para adaptar a súa actividade a unha realidade en evolución constante.
- **Desenvolvemos políticas sociais para o sector pesqueiro: puxemos en marcha o seguro de mal tempo**, cubrindo os riscos de perdas causadas pola climatoloxía; e **beneficiamos a máis de 1.000 mariscadoras**, que accederán a unha pensión ao rematar a súa vida laboral, acabando coa súa discriminación respecto a outros colectivos profesionais.
- **Melloramos a seguridade marítima: o Servizo de Gardacostas** conta agora con **148 axentes, 70 vehículos, 2 embarcacións, 2 remolcadores e buques polivalentes e 2 helicópteros**. Pronto teremos **un novo helicóptero de salvamento marítimo** e mellorouse a capacidade de resposta co servizo 24 horas do helicóptero Pesca1.
- Apostamos, co **Plan Galego de Acuicultura**, por compatibilizar a actividade económica con respecto ao medio. Ordenamos o territorio e sinalizamos as zonas onde se poderán instalar as empresas. **Investiremos máis de 350 millóns de euros e crearemos 1.966 novos empregos**.
- Demos un novo enfoque ás políticas de protección do medio mariño, coa constitución da **primeira reserva mariña, en Lira**, a segunda, en **Cedeira**, e o desenvolvemento de **plans de repoboación de especies mariñas**.
- **Cumprimos ao 100% a Directiva europea sobre tratamento das augas, saneando as Rías e evitando a multa de voluminosa contía que pendía sobre Galicia**.
- **Investimos 300 millóns de euros na mellora das estruturas produtivas e as infraestruturas portuarias**. Ademais, traballamos conxuntamente co sector para favorecer un crecemento racional da industria a través dos **plans estratéxicos da conserva e do conxelado**, que supoñen unha inversión total de **300 millóns de euros nos próximos cinco anos**.
- **Destinamos 40 millóns do Fondo Europeo de Pesca para o desenvolvemento sostible das comunidades costeiras, creando os grupos de acción costeira artesanal**. Garantimos o futuro das comunidades costeiras, xerando novas fontes de emprego e incidindo, directa e/ou indirectamente, en máis de 800.000 persoas de 72 concellos do litoral.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.  
O Presidente.



- **Adecuamos a formación ás demandas do mercado laboral e á evolución da industria pesqueira nos seus diferentes ámbitos:** acuicultura, mergullo e formación marítimo e náutico pesqueira.
- **Galicia foi a primeira autonomía en pagar os “mínimis”.** Estas axudas, que ata 2007 eran de 3.000 euros por empresa/3 anos, agora, grazas á xestión dos Gobernos de Galicia e España, xunto co apoio do sector, viron incrementada a súa contía a 30.000 euros por empresa/3 anos.
- Creamos a **marca PescadeRias**, certificando a calidade dos produtos da pesca artesanal e o marisqueo de Galicia, diferenciándoos no mercado e dotándoos de máis valor comercial e de mercado.
- **Conseguimos a Denominación de Orixe Protexida (DOP) para o mexillón de Galicia: o primeiro produto do mar con DOP na Unión Europea.**
- Mediante un convenio de colaboración co **Consello Regulador do Mexillón** de Galicia aprobamos **1.400.000 euros para posicionar o mexillón, incrementando así a súa competitividade.**
- **Conseguimos que o Consorcio de Compensación de Seguros pasase de valorar en 0 euros os danos por batea ocasionados polo desastre do Prestige, a valoralos en 12.180 euros por batea.**
- Ademais, puxemos en marcha, dentro do **Plan Galego de I+D+i**, unha acción estratéxica, dotada con **máis de 1,1 millóns de euros**, para fortalecer o sector da acuicultura de moluscos en Galicia; perfeccionando e innovando os sistemas de control dos episodios tóxicos: as **mareas vermellas**.
- Estamos traballando en diversas **liñas de investigación sobre as toxinas**; e na busca de **marcadores xenéticos**, para evitar fraudes respecto a normativa de etiquetaxe.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.  
O Presidente.



## A segunda etapa do cambio

- Elaboraremos **Plans de Xestión e/ou Recuperación para cada pesqueiría e incrementaremos as repoboacións de peixes e crustáceos** nas rías de Galicia.
- Crearemos as **Unidades Técnicas de xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros**.
- Poremos en marcha un **Plan de Xestión do Marisqueo** que permita ordenar as zonas dedicadas ao marisqueo a pé, e que suporá a creación de 1.500 empregos nos próximos catro anos.
- Estableceremos **axudas de 50.000 euros** para que os menores de 40 anos poidan mercar embarcacións de **pesca artesanal**.
- Crearemos **seis novas reservas mariñas**.
- Fortaleceremos ás **relacións cos países nos que temos presenza de flota ou de industrias pesqueiras**; fomentaremos tamén a **cooperación co Goberno de España e a Unión Europea** para a loita contra a pesca ilegal, aplicando as novas tecnoloxías na loita contra o furtivismo.
- Potenciaremos, nas instalacións de acuicultura, os **sistemas de aforro enerxético** e as novas tecnoloxías no aproveitamento da auga, e os alimentos alternativos ou complementarios, etc.
- Fomentaremos a **diversificación** mediante a investigación en especies de cultivo.
- Fomentaremos as **marcas de calidade** e a identificación da orixe da pesca galega.
- Incentivaremos a aposta das organizacións do sector por **expertos en materia de comercialización e mercados**.
- Desenvolveremos os **plans estratéxicos da conserva e do conxelado**.
- Promoveremos a innovación e o desenvolvemento de novos sistemas de **comercialización e de presentación** dos produtos da pesca e fortaleceremos a presenza internacional e a **apertura de novos mercados**.
- Crearemos a **Rede Galega de Turismo Mariñeiro**, vinculado ás actividades marítimas e pesqueiras, articulando as diversas iniciativas en forma de Rede.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.  
O Presidente.



- Elaboraremos as **cualificacións e os certificados profesionais** da área marítimo-pesqueira para o recoñecemento da profesionalidade dos traballadores do mar.
- Fomentaremos os **convenios colectivos**, nomeadamente nos sectores da pesca extractiva, que non teñen aínda unha regulación laboral acorde.
- Crearemos unha **Unidade Técnica de Investigación en Contaminación Mariña** e promoveremos a realización dunha **Conferencia Sectorial** en materia de Seguridade Marítima e de Loita contra a Contaminación Mariña.
- Potenciaremos os **sistemas de detección da contaminación mariña e realizaremos cando menos 6 simulacros anuais de loita contra a contaminación** mariña nas rías galegas, coa participación do sector pesqueiro.
- Reforzaremos a **formación** en materia de seguridade marítima e dotaremos de **localizadores** aos buques e aos mariñeiros da flota galega para aumentar a súa seguridade.
- Melloraremos e optimizaremos os **medios materiais dedicados á seguridade**, reforzando as bases dos helicópteros da Coruña e de Cee.
- Potenciaremos actuacións en materia de **transferencia tecnolóxica** mediante accións piloto dirixidas a minicriadeiros, mellora da eficiencia enerxética, etc.
- Apoiaremos os **proxectos de investigación** que deben ofrecer solucións realistas á utilización dos novos combustibles.
- Poremos en funcionamento a **Cidade do Mar de Vigo** como centro de referencia mundial en investigación mariña para integrar as capacidades científicas e as tecnolóxicas, e potenciar as áreas de investigación das ciencias e as tecnoloxías mariñas.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.  
O Presidente.



